



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Nomeamento de conserxe-colexio do CEIP Sofía Casanova (funcionario interino)

Anuncio:

Nomeamento de conserxe-colexio do CEIP Sofía Casanova (funcionario interino).

Por resolución núm. 788 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior do 29 de abril de 2024 resolveuse o seguinte que en extracto di:

“Nomear funcionario interino de administración xeral, subescala subalterna, grupo AP (conserxe-colexio), a don Jose Manuel Blanco Barral con DNI núm. ***9616** , en substitución e ata a incorporación da titular do posto dona Vanesa Álvarez Añón (código RPT CE.2.5.03), de baixa por incapacidade laboral temporal.”

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.”

Culleredo, 2 de maio de 2024

A concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior,

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm. 1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)